



MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO EXPERIMENTAL DE ILUMINACIÓN NA OBRA DE MELLORA NO MONTE DE SANTA CRUZ.

A xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar co Concello de Ribadeo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional que se pretende formalizar vén substituír outro anteriormente asinado co Concello de Ribadeo, que non chegou a executarse como consecuencia da renuncia expresa da entidade local por imposibilidade material de levar a cabo as actuacións previstas, quedando este sen efectos e resultando necesario articular un novo instrumento xurídico para a realización da actuación proxectada.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións básicas de colaboración entre o INEGA e o Concello de Ribadeo para a realización dun proxecto experimental de mellora da iluminación pública mediante actuacións de eficiencia enerxética no enclave do Monte de Santa Cruz, do seguinte xeito:

1. Iluminación da cruz: Instalarase un led perimetral ao redor da cruz a 24Vcc cor 3000K IP65 o cal se suxeitará cun perfil deseñado polo fabricante do led, colocaráse un interruptor horario astro para o seu aceso, e o apagado efectuarase conforme á programación establecida pola administración responsable. Tamén se instalará un foco de luz puntual de 2w para a iluminación da Virxe o cal se acenderá co led da cruz e apagarase ao amencer.
2. Iluminación do Gaitero: Farase unha instalación con 3 proxectores led de 15w IP65 encaixados no solo os cales acenderán coa iluminación existente da área recreativa. A condución eléctrica realizarase polo solo a través dunha gabiá desde a columna de iluminación máis próxima.
3. Substitución de luminarias existentes na área recreativa: Substituiranse as luminarias existentes con lámpadas de descarga de 125w por unhas luminarias de Led de 3m de altura de 35w, instalaránselles unha caixa de conexión con fusibles a cada luminaria.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscripción a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a





mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias”.

Que o Concello de Ribadeo como entidade local ten atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como os artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, competencias en materia de iluminación pública.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de trinta mil cento noventa e tres euros con noventa e seis céntimos (30.193,96 €) IVE engadido, equivalente ao 62,4% do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.760.4 (proxecto 2016 00010) do seu orzamento de gastos para o ano 2026, segundo as actuacións da seguinte táboa:





Referencia	Denominación	Tipo	Uds	Precio	% Dto	Importe EUR
Capítulo	Partida 1					
1. 1.	Iluminación Cruz y Santa		1,00			3.866,71
TEC09250740	Transformador HLG 240W H-48VDC on/off	Unida	1,00	54,20		54,20
TEC12113002	Silicone Neon Strip NMT1312_WW-3000K -48VDC-S.5W-CRI>90-IP67. SALIDA DE CABLE RECTA *1 Tiras de 21.30m+1m de cable *1(HLG 240W-48V)	UNIDA	21,00	12,32		258,72
GEWGW68001N	Cuadro cuadro q-din 5 modulos - 3 bases alojables iec 309 16a ip44/67 - ip65	UNIDA	1,00	49,15		49,15
ABB2CSR245180R10	Interruptor com.ds200l 1p-n c 6a a 6ka 30ma (residencial/terciario)	PIEZA	1,00	79,31		79,31
ORBOB178012	Interruptor horario astro 2 circuitos conmutados 16 (10)	UNIDA	1,00	101,00		101,00
TOR	Tornillos,terminales, pequeño material y varios		1,00	80,00		80,00
H010	Horas de mano de obra oficial de 1*	Hora	24,00	50,00		1.200,00
H011	Horas de mano de obra oficial de 2*	Hora	25,00	48,00		1.200,00
H013	Horas de camioneta con cesta telescópica 20 m		17,00	49,67		844,33
1. 2.	Iluminación Gaiteiro		1,00			3.363,85
DSN53078573	1883 minifloor 15w cld ce il inox led ambar	UNIDA	3,00	99,20		297,60
DSN99383700	Conector para linea continua 399 negro	UNIDA	3,00	29,00		87,00
DSN99383800	Conector para empotrar en suelo 369 negro	UNIDA	2,00	18,20		36,40
TOR	Tornillos,terminales, pequeño material y varios		1,00	53,77		53,77
PBRVK2X4	Cable rv-k 0.6/1kv 2x4mm² cu flexible	METRO	35,00	2,60		91,04
CJ1028	Ml zanja 1c bt mano-acera-t.horm.-		36,00	36,89		1.328,04
H010	Horas de mano de obra oficial de 1*	Hora	15,00	50,00		750,00
H011	Horas de mano de obra oficial de 2*	Hora	15,00	48,00		720,00

Referencia	Denominación	Tipo	Uds	Precio	% Dto	Importe EUR
TEC09250571	Transformador HLG 320W H-48VDC On/off	Unida	2,00	222,47		444,94
TOR	Tornillos,terminales, pequeño material y varios		1,00	82,00		82,00
CJ1028	Ml zanja 1c bt mano-acera-t.horm.		86,00	36,89		3.172,54
CF1000	Arqueta registro ls bt		4,00	143,08		572,32
H010	Horas de mano de obra oficial de 1*	Hora	20,00	50,00		1.000,00
H011	Horas de mano de obra oficial de 2*	Hora	20,00	48,00		960,00
Total Partida						39.988,27
Observaciones:						
Presupuesto base		LVA.	Base imponible IVA		Des cuenta de pronto pago	
39.988,27 €		21	8.397,54		Total presupuesto	
Validez del presupuesto:					48.385,81 €	





Referencia	Denominación	Tipo	Uds	Precio	% Dto	Importe EUR
1. 3.	Cambio de balizas en area recreativa con des montaje de las luminarias exis tenten.		1,00			24.558,56
MAY84110	Columna window 120x120 - 3,00 m. 38 w.led	UNIDA	22,00	195,00		4.290,00
CLAAC41057	1469 m cofred ip13 e:4x25 s:2x6 - 150x68x66mm	UNIDA	22,00	16,20		356,40
KPS10X386AG	Fusible cilindrico 10x38 6 a gg ac500v	UNIDA	44,00	0,84		36,96
AEM2711125	Píca 1,5mts. x 14mm. une-202006	UNIDA	22,00	7,15		157,38
AEM2716215	Brida conexion hep-14	UNIDA	22,00	1,18		26,00
PIRH07VK1X16	Cable pvc fle xible 1x16mm ² cu	METRO	44,00	4,96		218,15
ODIDB63	Tubo decaplast de 63 (rojo) en rollo	METRO	100,00	3,04		304,00
PIRRVK2X6	Cable rv-k 0.6/1kv 2x6mm ² cu fle xible	METRO	80,00	3,78		302,40
CJ1028	Ml zanja 1c bt mano-acera-t.horm.		296,00	36,89		10.919,44
CF1000	Arqueta registro ls bt		22,00	143,08		3.147,76
TOR	Tornillos,terminales, pequeno ma te ria l y varios		11,00	80,00		880,00
H010	Horas de mano de obra oficial de 1ª	Hora	40,00	50,00		2.000,00
H011	Horas de mano de obra oficial de 2ª	Hora	40,00	48,00		1.920,00
1. 4.	Iluminacion LED Mirador Santa Cruz		1,00			8.199,15
ABB2CDS251103R0	Interruptor aut. s201-c10na 1p-n 10a c 10ka (residencial/terciario)	Unid	1,00	28,50		28,50
ABB2CSR255063R1	L.com.ds301c 1p-n c 10a ac 10ka 30ma	PCE	1,00	54,20		54,20
ORBOB178012	Interruptor horario astro 2 circuitos conmutados 16 (10)	UNIDA	1,00	101,00		101,00
GEWGW46002F	Cuadro en polie ster con puerta ciega equipada con cerradura - 310x425x160 - ip66 - grs ral 7035	NR	1,00	86,35		86,35
ODIDB63	Tubo decaplast de 63 (rojo) en rollo	METRO	105,00	3,04		319,20
PIRRVK2X6	Cable rv-k 0.6/1kv 2x6mm ² cu fle xible	METRO	105,00	3,78		396,90
TEC12117001	Silicone Neon Strip NMS1217_WW-3000K -48VDC-4.8W-CRI>90-IP67. S ALIDA DE CABLE C	Unida	110,00	8,92		981,20

No texto do convenio pónse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico ao contribuír á mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública mediante a substitución das luminarias actuais por sistemas de tecnoloxía LED de baixo consumo. Esta intervención permitirá reducir o gasto enerxético municipal, diminuír as emisións de CO₂ e avanzar cara a un modelo máis sostible de xestión do alumado público, en coherencia cos obxectivos de aforro e transición enerxética promovidos pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea.

En relación co anterior, resulta necesario destacar que concorren circunstancias excepcionais de carácter técnico, funcional e territorial que xustifican a elección do Monte de Santa Cruz como ámbito de actuación e a conveniencia de instrumentar esta colaboración mediante unha subvención directa.

O proxecto previsto configúrase como un proxecto piloto en materia de eficiencia enerxética, iluminación pública sostible e integración paisaxística, orientado a avaliar solucións tecnolóxicas avanzadas nun entorno de especial sensibilidade ambiental e patrimonial. O Monte de Santa Cruz constitúe un espazo de uso público intensivo, con circulación peonil elevada especialmente en períodos estivais e en eventos de relevancia





(como a Xira de Santa Cruz), polo que a mellora da iluminación resulta estratéxica para incrementar a seguridade, accesibilidade e valorización do lugar.

O enclave presenta, ademais, un conxunto de singularidades técnicas que non se reproducen noutro ámbito, entre as que poden destacarse:

- a súa orografía irregular, que condiciona a distribución óptima dos puntos de luz;
- as condicións microclimáticas costeiras, que requiren materiais e solucións adaptadas a ambientes de alta salinidade;
- a existencia de elementos patrimoniais e culturais protexidos (como a capela e o monumento ao Gaiteiro Galego), que esixen iluminación de baixo impacto e normas estritas de integración estética;
- a necesidade de compatibilizar a actuación coa protección paisaxística, evitando intrusión lumínica e garantindo o máximo respecto polo entorno natural;
- e o réxime de uso intensivo que fai necesario incorporar sistemas eficientes, robustos e telexestionables, capaces de regular niveis de iluminación segundo franxas horarias e afluencia real.

Estas condicións convierten o Monte de Santa Cruz nun laboratorio natural idóneo para testar solucións de iluminación eficiente, telexestión e aforro enerxético que, unha vez avaliadas, poidan ser replicadas noutros espazos públicos da Comunidade Autónoma, especialmente naqueles de características semellantes (entornos costeiros, áreas recreativas, miradoiros e espazos naturais de alta sensibilidade patrimonial).

Así mesmo, o Concello de Ribadeo é a única entidade que pode executar con garantías estas actuacións, por ser o titular e responsable da xestión e mantemento do ámbito de intervención. Ningunha outra entidade pode desenvolver os traballos previstos nin asegurar a súa continuidade operativa, polo que non resulta procedente promover un procedemento de concorrencia competitiva, ao non existir outros potenciais beneficiarios capaces de asumir a actuación.

En consecuencia, concorren razóns de interese público, técnico e estratéxico que xustifican o outorgamento dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non sendo viable a tramitación dunha convocatoria pública ao ser o Concello de Ribadeo a única entidade en condicións de desenvolver as actuacións obxecto deste convenio.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xerente,



Silvia Cortiñas Fernández

